

---

**Programación Didáctica**  
**CULTURA CLÁSICA 3º ESO**  
**Curso 20/21**

---

CPI Virxe do Monte

<b>CURSO</b>	<b>3º E.S.O.</b>			
<b>ASIGNATURA</b>	<b>CULTURA CLÁSICA</b>			
<b>PROFESOR</b>				
<b>LIBRO DE TEXTO</b>	<b>Título</b>			
	<b>Autores</b>			
	<b>Editorial</b>		<b>ISBN</b>	
	<b>Data Autorización</b>		<input type="checkbox"/> <b>Castelán</b>	<input type="checkbox"/> <b>Galego</b>

## INDICE

	Pág.
Introdución e contextualización	4
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	5
Concreción dos obxectivos	8
Secuenciación dos estándares e temporalización dos contidos	13
Avaliación	19
Criterios e instrumentos de avaliación	20
Indicadores de logro	24
Metodoloxía	28
Materiais e recursos didácticos	29
Medidas de atención á diversidade	30
Actividades complementarias e extraescolares	33
Revisión da programación, avaliación e modificación	34
Anexo 1: Adecuación ao contexto COVID	36

## Introdución e contextualización

Esta programación didáctica está elaborada tendo presentes as seguintes circunstancias, todas elas condicionantes, dunha ou doutra maneira, da actividade docente que se desenvolverá no curso:

**1ª) A ausencia da materia nos cursos precedentes.** Trátase dunha materia que o alumno non ten cursado previamente. Isto supón que non existirán alumnos que a poidan ter pendente de anos anteriores e tamén un certo descoñecemento de base sobre os contidos da mesma. Esta situación condiciona a programación, porque exclúe da mesma o establecido no Artigo 13.3.i, da Resolución de 27 de xullo de 2015 da Consellería de Educación. (O punto que fai referencia ao seguimento, avaliación e recuperación de materias pendentes).

**2ª) O seu carácter opcional.** Cursar esta disciplina denota, por parte do alumnado, posto que ten que elixila, unha certa preferencia sobre a materia Segunda Lingua Estranxeira. Como se trata do primeiro momento na traxectoria formativa dos alumnos, no que renuncian a un idioma por outra asignatura, entendemos que hai unhas preferencias non lingüísticas á hora da súa escolla e iso témolo en conta á hora de establecer que contidos programamos para este curso.

**3ª) As características dos alumnos.** A programación segue unha liña intermedia; é dicir, está feita considerando que se tratará dun grupo de alumnos que non presenta dificultades de aprendizaxe.

**4ª) A aula base da materia.** A programación está feita partindo do suposto de que imos dispor, nunha das dúas sesións semanais de clase, dun local cun ordenador e proxector para o profesor e un ordenador por cada alumno/a.

**5ª) A liberdade de distribución da materia entre dous cursos.** No Decreto 86/2015 non se fai unha asignación concreta dos contidos e estándares de aprendizaxe, a cada un dos cursos nos que a materia se pode impartir, 3º de ESO ou 4º de ESO. Diso resulta unha distribución dos contidos e estándares de aprendizaxe, establecidos polo Decreto 86/2015 da Consellería de Educación, consistente en repartirlos, conservando a súa agrupación en bloques, entre os cursos 3º e 4º. De tal maneira que, do total dos 50 estándares de aprendizaxe establecidos para a materia no citado decreto, asígnase en cada curso a cantidade que resulta pro-porcional, segundo a carga horaria dispoñible, (20 estándares para 3º e 30 para 4º), e esa asignación facémola repartindo os 7 bloques establecidos no citado decreto, sen fraturalos entre os dous cursos.

Bloques de contidos	Estándares de aprendizaxe
1.- Xeografía	2
2.- Historia	7
3.- Mitoloxía	7
4.- Arte	6
5.- Sociedade e vida cotiá	8

6.- Lingua e literatura	16
7.- Pervivencia na actualidade	4

## Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As competencias clave están definidas no Artigo 3 do Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria; alí figuran tamén as respectivas siglas identificadoras. As competencias, xunto coas súas siglas son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Como o currículo establecido no antedito Decreto 86/2015 está focalizado nos estándares de aprendizaxe, e xa establece nos anexos correspondentes a relación dos contidos e estándares de aprendizaxe coas competencias clave, nós presentaremos aquí a contribución da Cultura Clásica de 3º de ESO ás competencias clave, tamén en forma de táboa e identificando as competencias polas súas siglas.

Bloque 2 - Historia	
Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.1.1.</b> Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pónoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.2.1.</b> Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.2.2.</b> Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.2.3.</b> Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CSC

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.2.4.</b> Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.3.1.</b> Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.3.2.</b> Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCL

<b>Bloque 3 - Mitoloxía</b>	
Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.1.1.</b> Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.1.</b> Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semi-deuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.2.</b> Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.3.</b> Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.4.</b> Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.3.1.</b> Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.4.1.</b> Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC

<b>Bloque 4 - Arte</b>	
Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.1.1.</b> Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.1.2.</b> Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.2.1.</b> Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.3.1.</b> Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.4.1.</b> Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.5.1.</b> Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> CD

## Concreción de obxectivos para o curso

Os obxectivos da materia son, en última instancia, os da secundaria obrigatoria, pois os que podían establecerse dunha forma máis concreta, digamos en primeira instancia, xa veñen dados polos estándares de aprendizaxe do Decreto 86/2015; é dicir, cada estándar de aprendizaxe é en sí un obxectivo inmediato que conquistar coa actividade docente.

Os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria están definidos no Artigo 10 do citado Decreto 86/2015. Nesa mesma disposición legal figuran tamén, desglosados por estándares de aprendizaxe, os obxectivos que corresponden á Cultura Clásica.

Dado que neste curso de 3º de ESO, só traballaremos 20 dos 50 estándares de aprendizaxe establecidos para a materia, o que corresponde nesta programación é sinalar cales son os obxectivos xerais da secundaria obrigatoria ós que pretendemos contribuir. Na táboa seguinte relacionámoslos, xunto co estándar de aprendizaxe correspondente, segundo os bloques de contidos que pretendemos impartir:

### a) Obxectivos do bloque de contidos de historia antiga:

Estándares de Aprendizaxe	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.1.1.</b> Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>	<p><b>e)</b> Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p> <p><b>ñ)</b> Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.2.1.</b> Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	<p><b>f)</b> Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.2.2.</b> Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> </ul>	<p><b>e)</b> Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p> <p><b>ñ)</b> Coñecer e valorar os aspectos básicos do</p>



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.2.3.</b> Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> </ul>	<p>patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.2.4.</b> Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	<p><b>g)</b> Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.3.1.</b> Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> </ul>	<p><b>o)</b> Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.3.2.</b> Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</li> </ul>	<p><b>ñ)</b> Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>

### b) Obxectivos do bloque de contidos de mitoloxía clásica:

Estándares de Aprendizaxe	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.1.1.</b> Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	<p><b>b)</b> Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.1.</b> Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>	<p><b>e)</b> Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías,</p>

<p>▪ <b>CCB3.2.2.</b> Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da anti-güidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</p>	<p>especialmente as da información e a comunicación.</p>
<p>▪ <b>CCB3.2.3.</b> Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</p>	<p>a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.</p>
<p>▪ <b>CCB3.2.4.</b> Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</p>	<p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p> <p>ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>
<p>▪ <b>CCB3.3.1.</b> Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e estalecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</p>	<p>l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.</p> <p>ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>
<p>▪ <b>CCB3.4.1.</b> Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</p>	<p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>

**b) Obxectivos do bloque de contidos sobre a arte clásica:**

Estándares de Aprendizaxe	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.1.1.</b> Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.</li> </ul>	<p><b>l)</b> Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.</p> <p><b>b)</b> Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.1.2.</b> Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.2.1.</b> Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</li> </ul>	<p><b>l)</b> Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.3.1.</b> Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</li> </ul>	<p><b>l)</b> Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.4.1.</b> Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</li> </ul>	<p><b>l)</b> Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.</p> <p><b>ñ)</b> Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>

<p>▪ <b>CCB4.5.1.</b> Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.</p>	<p><b>e)</b> Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p> <p><b>ñ)</b> Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>
--	---

## Secuenciación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Para a programación que facemos, a numeración dos bloques elixidos, (2 - Historia, 3 - Mitoloxía e 4 - Arte), supón, simplemente, seguir os datos que aparecen no Decreto 86/2015, pero non implica un criterio secuencial de traballo no curso. O que sí mantemos é a integridade de cada un dos bloques, de maneira que asignamos cada bloque a cadanseu trimestre.

A secuenciación dos bloques no curso derivámola de criterios pedagóxicos. Desesa maneira situamos no primeiro trimestre o bloque de mitoloxía, porque nos parece que é o bloque que mellor se presta, pola súa propia temática, para a motivación do alumnado, de xeito que se fomente nel o interese pola materia. No segundo trimestre situamos o bloque de contidos históricos, pese á discordancia entre a duración do trimestre e a cantidade de estándares de aprendizaxe. É dicir, o trimestre é o menor en número de días lectivos, e o bloque non é o menor en cantidade de estándares de aprendizaxe. Aínda así, facémolo dese xeito, porque entendemos que o bloque de 4 - Arte é o máis adecuado para o terceiro trimestre. ¿Por qué consideramos que no terceiro trimestre debe ir o bloque de contidos artísticos? Por dúas razóns:

a) Porque é o máis adaptable ás variacións e alteracións do calendario previsto. Variacións que adoitan acontecer neste trimestre<sup>1</sup>. Basta, por exemplo, con reducir o número de exemplares de obras artísticas que se traballen dun mesmo tipo, para ter xa un axuste fácil dunha sesión de clase que non se chega a impartir.

b) A natureza temática propia do bloque faino dun carácter máis visual e máis facilmente asimilable, cando xa no alumnado inflúe a fatiga do curso ou a inqueda polo cercano final das clases.

---

<sup>1</sup> Neste trimestre concéntrase habitualmente as actividades extraescolares, en particular as viaxes cos alumnos, por mor do bo tempo e do maior número de horas de luz, o que fai que se poidan «perder» facilmente clases que, contando simplemente días de calendario, estaba previsto impartir.

## Temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Considerando que, segundo o horario asignado pola xefatura de estudos, as clases de Cultura Clásica en 3º de ESO materia van caer en martes e venres, os días lectivos convírtense para a materia en 22 sesións no primeiro trimestre, 20 sesións no segundo e 20 sesións no terceiro.

Para o primeiro trimestre, a temporalización, estipulada por estándares de aprendizaxe, queda do seguinte xeito:

### Primeira Avaliación - Primeiro trimestre - Mitoloxía

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. O panteón grego e romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	7 sesións
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Mitos greco-latinos. Os heroes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>	3 sesión
		<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> </ul>	2 sesións
		<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</li> </ul>	2 sesións
		<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	3 sesións

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Relixión grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e com-parar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>	2 sesións
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>	3 sesións

### Segunda Avaliación - Segundo trimestre - Historia

Para o segundo trimestre, a temporalización, estipulada por estándares de aprendizaxe, queda do seguinte xeito:

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>	3 sesións

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helénico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	3 sesións
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> </ul>	2 sesións
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> </ul>	2 sesións
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	3 sesións
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> </ul>	3 sesións
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</li> </ul>	4 sesións



### Terceira Avaliación - Terceiro trimestre - Arte

Para o terceiro trimestre, a temporalización, estipulada por estándares de aprendizaxe, queda do seguinte xeito:

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica.	▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.	4 sesións
		▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a feitos históricos.	2 sesións
▪ B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.	▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.	4 sesións
▪ B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.	▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.	▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.	3 sesións
▪ B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.	▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.	▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanís-	4 sesións

		ticos posteriores.	
▪ B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.	▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.	3 sesións

\*Esta temporalización é unha proposta, o profesor poderá modificala ao longo do curso si as circunstancias aconsellan outra mellor distribución dos contidos.

## Avaliación

### Procedementos e instrumentos de avaliación

#### a) Avaliación inicial

Para a avaliación inicial pasaremos aos alumnos un cuestionario cun total de 20 cuestións, unha por cada un dos estándares de aprendizaxe, (a súa referencia vai entre paréntese en cada cuestión). Isto permitiranos facernos unha idea da situación de punto de partida do grupo.

#### b) Avaliación continua

O número de exames que faremos para cada unha das 3 avaliacións nas que o curso académico está estruturado, será decisión nun principio dos propios alumnos. Por parte do profesor serán invitados a faceren 2. A natureza da materia, susceptible de ser compartimentada claramente, non se presta ben á chamada avaliación continua entre distintas avaliacións. Por iso, á hora de cualificar, faremos un tratamento separado de cada unha delas e a cualificación do curso en xuño será o resultado da nota media das 3 avaliacións que conforman o curso, (con redondeo á alza ou á baixa, segundo as actitudes amosadas polo alumno durante o desenvolvemento do curso).

Para a recuperación dunha avaliación inicialmente suspensa, computará exclusivamente o exame de recuperación feito *ad hoc*.

Como procedementos para a avaliación usaremos :

- O caderno de notas do profesor : nel recolleranse notas sobre a actitude na clase, traballo habitual, interese, participación ...
- O caderno do alumno/ alumna: anotaranse as actividades de clase , resumos...
- Probas escritas : permitirán valorar a asimilación dos contidos por parte do alumnado.

Para superar cada avaliación o alumnado deberá facer as probas obxectivas sobre os temas tratados e superalas, e ademais ter feitos os traballos de clase programados para cada tema.

### **c) Avaliación extraordinaria**

No caso da convocatoria extraordinaria de setembro a nota obterase exclusivamente do resultado da proba correspondente.

### **d) Recuperación e avaliación de pendentes**

Nas recuperacións das avaliacións suspensas e na convocatoria de setembro, a cualificación procederá dos instrumentos nº 1 pero coa súa correspondente ponderación modificada, de xeito que o exame acadará un valor do 100% .

Neste curso 2016-2017 ningún alumno ten a materia suspensa. Se fora o caso optaríamos pola entrega dun caderno de actividades en cada trimestre, xa que os contidos son diferentes . Debería ser entregado ao profesor correspondente antes de cada avaliación.

No caso de que o alumno non o realizara tería a opción do examen de pendentes do mes de maio.

Se o alumno estivera cursando en 4º ESO a materia de Cultura Clásica consideraríamos recuperada a materia no caso de que a avaliación fose positiva nas dúas primeiras avaliacións.

### **Criterios e instrumentos de cualificación**

Durante as tres avaliacións ordinarias do curso empregaremos os instrumentos que identificamos por un número, xunto coa correspondente ponderación, na táboa seguinte:

<b>Número</b>	<b>Descrición</b>	<b>Ponderación</b>
1	Exame/s de avaliación	60 %
2	Paquete de tarefas materiais da aula (actitude, traballos, cuestionarios, intervencións...)	40 %

Nas táboas seguintes figuran os instrumentos de avaliación codificados polo número identificador que lles vimos de asignar e desglosados por cada estándar de aprendizaxe:

### Mitloxía

Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	1 - 2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>	1 - 2
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> </ul>	1 - 2
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</li> </ul>	1 - 2
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	1 - 2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>	1 - 2

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>	<p>1 - 2</p>
--	---	--------------

### Historia

Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>	<p>1 - 2</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun ei-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	<p>1 - 2</p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> </ul>	<p>1 - 2</p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> </ul>	<p>1 - 2</p>

xe cronolóxico feitos históricos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	1 - 2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> </ul>	1 - 2
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</li> </ul>	1 - 2

### Arte

Critérios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.</li> </ul>	1 - 2
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.</li> </ul>	1 - 2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</li> </ul>	1 - 2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</li> </ul>	1 - 2

súa temática.		
▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanís-ticas romanas, así como a súa rede viaria.	▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	1 - 2
▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patri-monio español e europeo.	▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.	1 - 2

## Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Entendemos que o que corresponde planificar para esta cuestión é concretar a materialidade do logro dos estándares de aprendizaxe. Por iso presentamos os tales indicadores, relacionados con cada un dos 20 estándares que serán obxecto de traballo no curso.

Segundo o número de alumnos que acaden cada estándar, establecemos estes catro grados: **deficiente** (inferior a 25%), **insuficiente** (menor do 50%), **acceptable** (ata o 75%) e **satisfactorio** (mais do 75%). Cunha táboa así elaborada podemos establecer unha medición de resultados e comparar entre diversos cursos a evolución que se produza. Pero ben entendido que estas medicións son problemáticas, porque se ven moi afectadas por dous feitos:

a) Os alumnos non son todos os anos os mesmos, e francamente, o fundamental na aprendizaxe é o tipo de alumnado co que se traballe, o seu grado de interés, de capacidade de traballo, etc...

b) A variación no número de alumnos dun curso a outro con facilidade afecta ós resultados, porque o campo estatístico é moi reducido.



Estándar de Aprendizaxe

Estándar de Aprendizaxe	Deficiente	Insuficiente	Aceptable	Satisfactorio
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.1.1.</b> Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.1.</b> Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.2.</b> Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.3.</b> Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.2.4.</b> Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.3.1.</b> Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB3.4.1.</b> Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB2.1.1.</b> Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacións con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>				

▪ <b>CCB2.2.1.</b> Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.				
▪ <b>CCB2.2.2.</b> Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.				
▪ <b>CCB2.2.3.</b> Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.				
▪ <b>CCB2.2.4.</b> Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.				
▪ <b>CCB2.3.1.</b> Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.				
▪ <b>CCB2.3.2.</b> Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.				

▪ <b>CCB4.1.1.</b> Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.				
▪ <b>CCB4.1.2.</b> Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.				
▪ <b>CCB4.2.1.</b> Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.				
▪ <b>CCB4.3.1.</b> Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.				

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.4.1.</b> Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CCB4.5.1.</b> Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.</li> </ul>				

## Metodoloxía que require a materia

Para a aprendizaxe dos contidos comezaremos pescudando sobre os coñecementos previos adquiridos polo alumnado como resultado de experiencias educativas anteriores, escolares ou non, de tal xeito que poida, a partir deles, construír aprendizaxes significativas, modificando e actualizando os esquemas de coñecemento que posúe e establecendo vínculos substantivos entre o novo contido e o que xa sabe.

O procedemento será un interrogatorio inicial por parte do profesor sobre o que se vaia tratar. Temos que recoñecer, pola experiencia profesional, que o punto de partida é case que en tódolos casos de moita ignorancia. Aínda que o mundo clásico segue presente hoxe en día esa presenza é mais real que aparente, polo que non é fácil percibila sen o estudio e a labor docente.

No traballo na aula, partiremos sempre dun texto entregado polo profesor nunha copia ó alumno, (non temos libro de texto oficial), e dunha proxección do mesmo ou de materiais complementarios na pantalla da aula, (tódalas aulas do centro dispoñen deste recurso). Sobre ese texto efectuaremos unha primeira lectura pública, en voz alta, cun dobre obxectivo:

- a) mellorar esa faceta no alumnado
- b) detectar os vocablos descoñecidos

Logo da súa lectura, seguirán unhas cuestións que permitirán ó profesor establecer o grado de profundidade de comprensión dos contidos por parte do alumnado e, a partires de aí, buscaremos o entendemento total do mesmo, previamente a súa asimilación.

O traballo do vocabulario será esencial; será o núcleo sobre o que pivotará toda a actividade da aula, pois temos detectado que moito alumnado ten dificultades para a comprensión profunda e xa está habituado a ler cousas que non comprende, coma se iso fose unha característica máis do estudo, coma se formase parte natural do feito de ser estudante.

Insistiremos na etimoloxía dos vocablos cultos e nas súas posibilidades na formación de familias léxicas. Todo elo combinado co maior contido visual posible, gracias ás novas tecnoloxías, para así conquistar unha maior motivación, algo realmente difícil hoxe por parte dos educandos.

Amén diso, co gallo de contribuír incluso a aquelas competencias básicas que *a priori* teñen menor relación cos contidos da materia, buscaremos sempre a interdisciplinabilidade no enfoque das actividades e nas cuestións mencionadas nas explicacións da aula. Como o mundo clásico deixou as súas pegadas espalladas por moitos eidos intentaremos de xeito transversal relacionalos todos nos exemplos do vocabulario de raíces greco latinas que xurda polo seu emprego na aula.

En definitiva, seguiremos dúas liñas maestras metodolóxicas que pretenden cubriros os dous aspectos seguintes:

- **Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados producidos na aprendizaxe.** Esta característica será traballada no enriquecemento pretendido no vocabulario do alumno, na exactitude esixida nas definicións e na redacción de respostas e contidos de preguntas que impliquen elaboración de pensamento propio por parte dos rapaces.

- **Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.** Teremos sempre presentes os contidos compartidos con materias coma as outras linguas romances, a Historia, a Xeografía, as Literaturas, a terminoloxía da Bioloxía, da Física e Química, segundo vaíamos vendo contidos que, ou ben xa teñen que ter sido vistos nesas materias, ou que, sen ter sido tratados expresamente nelas, forman parte da súa esfera de saber.

## **Materiais e recursos didácticos que se van utilizar**

O libro de texto non será o eixe sobre o que versará o desenvolvemento da materia, xa que optamos por non por ningún texto «oficial». Basicamente empregaremos:

- Fotocopias con actividades de distinto tipo, elaborados maioritariamente polo profesor, ou de dominio público, descargados da rede, que conteñan textos, cuestionarios, cadros baleiros para completar, encrucillados, sopas de letras, etc... En definitiva, a variedade habitual de variedade de exercicios que se poden propor.
- Algo, (non moito), de prensa diaria escrita.
- Algúns materiais de revistas de Historia Antiga e Arqueoloxía, especialmente das revistas *Historia* de National Geographic, *Muy Interesante Historia* que inclúen en cada un dos seus números artigos moi interesantes sobre a historia de Grecia e de Roma, ilustrados con fotografías da calidade ,o que caracteriza a esa publicación.
- Mapas de Gallaecia, de Hispania e do mundo grecorromano (uns mudos e outros non).
- Algún fragmento de documentais e vídeos tanto dos dispoñibles na internet, coma dos que o centro é propietario, e láminas ou diapositivas de restos arqueolóxicos e de obras de arte que reflectan distintos aspectos da cultura clásica, concretamente neste curso: a mitoloxía, a historia e a arte.
- Internet de modo xeral e con bastante acento crítico, para que non se convirta nun sagrado oráculo como xa é para moitos rapaces e se empregue como recurso tecnolóxico que permite saír do paso sen aprender nada; nunha palabra, evitando o copia-pega. Indicaremos algunhas das páxinas a utilizar, en moitos casos con exercicios interactivos : *culturaclasica.net* , *almacendeclasicas.blogspot.com* , *artehistoria.com...*
- Visionado completo o parcial de algunhas películas como : *Gladiator* , *Ben – Hur* , *La Odisea* , *Furia de Titanes*, *Troya*, *Pompeya...*

En certos procesos explicativos que requiren sinalización por parte do profesor sobre mapas, figuras, esquemas ou imaxes, empregaremos como ferramenta os modernos visualizadores de documentos, que permiten a proxección da imaxe dos contidos do libro e de outros soportes informativos no encerado da aula. Tamén o faremos en certos exercicios nos que resulta ventaxoso contar coa posibilidade, de que o alumno poida “sobreescribir” no propio encerado a imaxe proxectada polo citado dispositivo.

Pretendemos empregar software que permite actividades interactivas.

Dado que trataremos a lectura coma unha actividade de tódalas sesións de clase, para asegurarnos da adecuada comprensión lectora, que é a verdadeira pedra de toque da cuestión, leremos capítulos escollidos, sobre os que faremos un cuestionario de control.

## **Medidas de atención á diversidade**

No deseño da programación debemos ter en conta a resposta ás diferentes necesidades educativas que previsiblemente pode presentar o alumnado. Independentemente das medidas tomadas a nivel de centro, teremos presentes as diferentes necesidades educativas dos alumnos ou alumnas á hora de organizar o traballo na aula, coa permanente coordinación co tutor e co departamento de orientación.

Estas medidas de flexibilización curricular referímolos tanto á metodoloxía como á avaliación e teñen un carácter bastante xenérico, porque a concreción non é posible *a priori*. Solamente cando se está na aula desenvolvendo o curso é posible ver a variedade de situacións que fronte a aprendizaxe se van dar e as características que requiren as medidas por parte de cada alumno.

Á marxe diso, a materia de Cultura Clásica xa supón en si mesma, pola súa condición de materia optativa, unha maneira de atender á diversidade. Por outra parte, dentro dos alumnos e alumnas que compoñen o grupo clase atoparemos, evidentemente, diferentes ritmos de aprendizaxe, polo que propoñemos como medidas de atención á diversidade, as que se derivan da aplicación dos principios seguintes:

- Uso de secuencias de contidos establecidos de maneira que aseguran aprendizaxes básicas para todo o grupo e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Proposta de actividades variadas e con distinto nivel de dificultade, e con adaptación dos tempos asignados á realización destas, en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Agrupamentos variados de alumnos para os traballos en grupo, que permitan

contextos de aprendizaxe colaborativos.

- Emprego de recursos e materiais suficientemente diferenciados como para que contemplan distintos estilos de aprendizaxe.
- Entrega de actividades de reforzo para aqueles alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do groso do grupo.

## **Elementos transversais obxecto de traballo no curso**

O Decreto 86/2015 establece no seu Artigo 4 como elementos transversais, cuestións de índole moi diferente. Nada que ver, para o tratamento na nosa materia, os elementos indicados na liña 1 cos mencionados na liña 2. Vexamos como di:

### *Artigo 4.º Elementos transversais*

*1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.*

*2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.*

*Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.*

*A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.*

*Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.*

Os elementos da liña 1 admiten un tratamento docente na aula de tipo «científico», pero os da aliña 2, corresponden ó eido dos valores, das emocións e do comportamento humano. Son o terreo do adoutramento, (no senso positivo do termo). O que en tempos, (non moi lonxanos, por certo), se denominaba na terminoloxía pedagóxica «actitudes, valores e normas».

Os elementos do punto 2 do mencionado Artigo 4, non constitúen materia de aprendizaxe da mesma índole ca os contidos de carácter científico-humanístico, propios da nosa materia. En realidade, non se aprenden como datos, ou como «técnica» ou procedemento, senón que se infunden como valores, como maneira de ser, e son adquiridos máis ben por imitación de quenex exercen influencia e liderato sobre o alumno, non pola adquisición de datos, nin pola retención memorística nin pola práctica e comprensión de exercicios procedementais.

Polo tanto, o tratamento que programamos para o curso é consonte con esta dobre natureza, de tal maneira que faremos un tratamento «científico» dos elementos da liña 1, e un tratamento distinto, pero o máis próximo posible ó «científico» dos da liña 2.

#### **a) Elementos do Artigo 4.1**

A **comprensión lectora** será o núcleo do traballo da aula. O uso masivo, (dentro das graves carencias horarias), dos textos incide neste planteamento; e complementábase co tipo de actividades que faremos sobre os propios textos. O aumento do vocabulario, sobre todo de rexistro culto do que tanto carecen os nosos alumnos debería dotar da ferramenta necesaria para conquistar unha mellora da lectura profunda.

A **expresión oral e escrita**, moi relacionado este elemento co anterior, pódese ter en conta o dito nel para este. Aquí o obxectivo inmediato é a corrección gramatical e a capacidade de expresión de matices. A lectura en alta voz dos textos e enunciados das actividades, que practicaremos en cada sesión de clase, debería favorecer a expresión oral. O seguimento coherente e riguroso na avaliación ortográfica e da presentación escrita deben completar o tratamento deste elemento.

A **comunicación audiovisual** sendo est unha característica dos nosos tempos, non hai moito que tratar da mesma no mundo antigo, onde o auditivo estaba moito máis desligado do visual. A cultura clásica inflúe hoxe en día neste eido vía recursos da retórica moi empregados na publicidade, pero que non se inclúen nos estándares de aprendizaxe que traballaremos.

As **tecnoloxías da información e da comunicación** tamén son algo moderno. As pegadas da cultura clásica quedan nelas, por exemplo nas tres verbas que compoñen a súa denominación. O tratamento que faremos será dobre. Por un lado recurriremos a elas para a adquisición de datos e a súa presentación ó alumnado no traballo na aula e tamén para que o alumnado rinda contas dos seus logros mediante a presentación de materiais elaborados con estas ferramentas. Naturalmente con especial prevención, (así advertida na aula), contra o corta-pega, tan usual á hora da elaboración de informes ou traballos temáticos.

A **educación cívica e constitucional** será tratada dobremente: un enfoque intelectual máis «científico» e outro máis emocional e práctico. No primeiro punto de vista, o que diríamos teórico, será manexado sobre todo no segundo trimestre, cando tratemos



das cuestións históricas. Alí veremos aspectos de organización político-social e formas xurídicas do mundo antigo, moitas delas que aínda perduran hoxe. No seu lado práctico, a maneira de desenvolverse os comportamentos na aula estrá rexida polo que marcan as pautas actuais do que entendemos por «educación cívica».

### **b) Elementos do Artigo 4.2**

Dado que as aprendizaxes dos elementos que se determinan como transversais na liña 2 do Artigo 4 do Decreto 86/2015 son, maioritariamente, aprendizaxes de tipo intuitivo e inconsciente, o seu tratamento na aula debe ir nesa mesma liña. O alumno debe aprender **esencialmente** o respecto á diferenza nas persoas, (homosexuais, mulleres, outras relixións etc...), a partir de dous feitos:

1. Ver que o profesor, (que debe exercer o liderato do grupo clase), e tamén todos os seus demais compañeiros, respetan iso. Debe descubrir, (consciente ou inconscientemente), a igualdade da muller, (por citar un exemplo), porque é a consecuencia natural de observar que unha alumna pode ser delegada de clase igual ca él; por vivir a diario situacións nas que as súas compañeiras son tratadas coas mesmas obrigas e dereitos ca él, e non son obxecto de comentarios ou actitudes machistas.
2. Sufrir as consecuencias disciplinarias, (ou observar como as sufren os responsables), dos comportamentos causantes de violencia de xénero, de racismo, de violencia contra discapacitados, de terrorismo, de xenofobia etc...

Porén no estudio da Cultura Clásica aparecen datos, feitos históricos, que son susceptibles , e así o faremos nos, de seren tratados cunha óptica que poida suscitar no alumnado unha reflexión sobre o comportamento humano e sobre a súa variabilidade no tempo; sobre os factores e as pautas que determinan os patróns de conducta do ser humano. Isto determinará a conformación das actividades correspondentes.

## **Actividades complementarias e extraescolares**

Non programamos, a lo menos a estas alturas do curso, ningunha actividade complementaria nin extraescolar. Na nosa opinión o noso centro en relación ó seu tamaño, xa ten un número elevado de actividades, polo que consideramos que non é necesaria *a priori* ningunha aportación máis. Iso non quere dicir que, se produce unha ocasión sobrevida que o xustifique, non cheguemos a participar ou organizar algunha actividade, que no seu momento sería presentada e xustificada diante do Consello Escolar.

\*Este apartado queda condicionado ás medidas adoptadas polo protocolo da COVID.

## **Revisión, avaliación e modificación da programación**

Como a presente programación está secuenciada en tres avaliacións con contidos claramente diferenciados e non interdependentes faremos unha revisión por cada período avaliativo; tralos resultados de xuño na memoria de fin de curso faremos constar as decisións de modificación que nos pareza que corresponden logo do remate das clases e antes do inicio do curso seguinte.

Esta cuestión ten unha moi íntima relación co apartado desta mesma programación que trata dos indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Tanto é así que nos propoñemos facer cambios no traballo de todos aqueles estándares de aprendizaxe que resulten logrados no grado de Deficiente, (25% de alumnado que os acada ou menos). Para os estándares de aprendizaxe conquistados por un número de alumnos entre o 25% e o 50% tomaremos consideración especial das enquisas feitas ao alumnado.

Os aspectos que teremos en conta na revisión e a avaliación serán os tres seguintes: a pertinencia dos contidos e dos materiais concretos elixidos; a cualidade das tarefas encargadas aos alumnos; e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

### **a. Pertinencia dos contidos elixidos**

Os contidos na súa primeira formulación, de carácter xenérico, veñen determinados polo Decreto 86/2015, regulador do currículo; pero, como se trata de enunciados que designan campos moi amplos, na súa implementación práctica, o departamento tivo que facer unha escolloa que os adaptase ó pouco horario dispoñible e á execución da actividade docente na aula. Pois é aí onde deberíamos dispor dunha certa seguridade de ter acertado suficientemente. Por poñer un exemplo, no contido *B 3.2 Mitos grecolatinos*. Os *heroes*, establecido polo citado decreto, no departamento optamos por traballar, de entre os moitos heroes antigos posibles, solamente os seguintes: Odiseo, Heracles, Eneas e Rómulo. Haberá que valorar, se se podería engadir a Aquiles, poñamos por caso, ou facer algunha substitución ou eliminación dos elixidos.

### **b. Cualidade das tarefas de ensino-aprendizaxe**

Iste punto reviste, ó noso modo de ver, unha grande importancia. É clave para que o rapaz se “enganche” no recorrido do curso e poida mellorar o seu nivel competencial. Por iso o profesor debe diagnosticar, na medida do posible, e debe ser guía. Porque o éxito nunha asignatura só se produce con alumnos ben motivados. Polo tanto, desde este punto de vista, (e á marxe de que non se pode guiar a quen non quere camiñar), debe existir por parte do profesorado un razoable cuestionarse os tipos e a realidade concreta das tarefas de ensino aprendizaxe que executa na aula; sobre todo se os resultados non son satisfactorios.

### **c. Configuración do sistema avaliador**

A realización material da avaliación, (de xeito xeral na materia e de modo particular da programación), tamén debe ser obxecto de reflexión, por ver de melloralala. Utilizaremos

exercicios non habitualmente empregados na perspectiva avaliativa: redaccións, grado de progresión xeral, resumos, e outras actividades... non unicamente as que derivan de planteamentos memorísticos, no que é a avaliación na materia.

Para a avaliación da propia programación daremos importancia especial ó intercambio de opinións cos colegas do centro, estando moi atentos ás cuestións que, relacionadas con isto, se traten na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Claustro de Profesores.

Como se pode intuír facilmente, para algúns destes obxectos anteriores hai instrumentos con alto grado de obxectividade, (e de eficacia); para outros, non dispomos mais ca da honestidade do profesor e da súa capacidade para autoanalizarse e estudar con ollo crítico o seu labor. Pois ben, basicamente a avaliación consistirá nese dobre pranteamento: aplicaremos unha enquisa específica aos alumnos e, a maiores dela, aplicaremos a autorreflexión e as consideracións dos profesores do centro ao respecto de posible traballo coordinado para non resultar redundantes en tratamentos temáticos e non deixar aspectos importantes sen traballar.

## Anexo 1: Adaptación ao contexto COVID

### ÍNDICE

- 1. Temporalización**
- 2. Obxectivos desta adaptación**
- 3. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020**
- 4. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**
- 5. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar**
  - a)Revisión dos obxectivos de area ou materia**
  - b)Revisión das competencias clave**
  - c)Revisión dos contados**
- 6. Adaptacións necesarias á docencia non presencial:**
  - a)Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena**
  - b)Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.**
  - c)Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial**
- 7. Revisión do desenvolvemento da addenda**

## **1.Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

## **2. Obxectivos desta adaptación.**

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

## **3. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Esta materia non ten continuidade con outra, non hai, polo tanto, aprendizaxes imprescindibles que non se impartirán no curso 2019/2020.

## **4.Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

Esta materia non ten continuidade con outra, non hai, debido a isto, una avaliación inicial en canto aos contados de anos anteriores.

## **5.Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

### **a)Revisión dos obxectivos de area ou materia**

Non se procederá á revisión dos obxectivos por non ser necesario.

### **b)Revisión das competencias clave**

As sete competencias clave establecidas polo DECRETO 86/2015 traballaranse de igual modo que se establece na presente programación a excepción da Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Esta competencia vai estar máis presente xa que se utilizarán as novas tecnoloxías, a aula virtual, internet, webex, etc, como sistema alternativo á aula presencial.

Durante todo o curso 2020/21 traballaremos de maneira intensiva esta competencia introducindoa en todos os contidos, tanto os de repaso como os novos.

#### **d)Revisión dos contidos**

Non se procederá a revisión dos contidos.

### **6. Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

#### **a)Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.**

No caso de contar con alumnado en cuarentena a metodoloxía a seguir será a seguinte:

- Fomentar a participación, a reflexión, individual.
- Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
- Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.

\*Toda esta metodoloxía sería levada a cabo mediante o uso da Aula Virtual.

#### **b)Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.**

No caso da suspensión das clases presenciais engadiríamos aos punto anteriores:

- Fomentar a participación e a reflexión grupal.
- Debatir e compartir información.
- Fomentar a confrontación clara, respectuosa dela .

\*A mais da Aula Virtual, neste caso tamén utilizaríamos a plataforma webex da xunta para a explicación, debates e actividades grupais.

#### **c)Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.**

En caso de ter que avaliar ao alumnado por outros procedementos deseñados para o ensino non presencial valoraríamos as producións tanto orais como escritas realizadas mediante vía telemática.

Por una banda, no caso da oralidade avaliaremos a participación nas aulas por vía webex.

Por outra banda, no caso das producións escritas, serán avaliados os traballos realizados e tarefas que se desenvolvan na Aula Virtual do CPI.

A cualificación en porcentaxes respecto ao anterior sería a seguinte:

- Un 30% de produción orais e participación na Aula Virtual (tarefas, pequenas actividades non presenciais, etc).
- Un 70% a presentación de traballos.

## **7. Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.